



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. PEL CONCELLOS 2024.**

**EXPEDIENTE: 2024/G003/000177 (Decretos).**

**EXPEDIENTE: 2024/A008/000001 (Subvencións).**

**EXPEDIENTE: 2024/E001/000001 (Convocatoria Selección Persoal)**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que por resolución de alcaldía 141/2024, de 30 de Maio de 2024, aprobouse a lista definitiva de admitidos para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2024.

Vista a acta asinada polo tribunal encargado da selección o día 04/06/2024, do proceso de selección persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de para dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2024.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **Resolvo:**

**PRIMEIRO.-** Propoñer a formalización do contrato laboral temporal para a realización de a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2024), do seguinte candidato:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación total
32****53D	Bugallo Tomé, Luis	12,60

**SEGUNDO.-** Declarar vacante unha das prazas de dous peóns para a realización de obras e servizos municipais, financiado pola Deputación Provincial da Coruña, a través do programa PEL Concellos 2023.



CONCELLO DE VILASANTAR  
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.gal](mailto:correo@vilasantar.gal) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169



**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

**CUARTO.-** Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asínao a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Minia Astray Barca, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**